

O “**ACORDO UNITARIO POR UNHA CARREIRA PROFESIONAL DIGNA**”, consituído pola Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais (CGFH), os sindicatos CIG, CCOO, CSIF, OMEGA e UGT, e o Consello Galego de Colexios Médicos, reuniuse en Santiago o día **1 de marzo de 2005**. Entre as conclusións desa xuntanza figuran as seguintes:

1. A última proposta do SERGAS, que presentou na Mesa Sectorial do 25/02/2005, supón un importante progreso no proceso de achegamento de posicións entre a administración e os profesionais. Esta nova proposta, a 5ª presentada pola administración, fai **cada vez máis real a posibilidade de que se chegue a asinar un pacto** que permita a existencia dunha Carreira Profesional (CP) digna para os facultativos do sistema sanitario público galego.
2. En contra do difundido desde instancias situadas fora deste Acordo Unitario, **na xuntanza da mesa sectorial do 25/02/2005 non se asinou a acta de ningún pacto ou acordo**, pois aínda fican aspectos importantes por concretar na mesa sectorial antes de que sexa posible asinar nada, malia que as últimas propostas sobre retribucións e duración da CP, que o SERGAS presentou ese día, supoñen un importante achegamento ás nosas pretensións. Ademais, neste mesmo sentido, cómpre deixar tamén claro que, **na mesa sectorial, en ningún momento foi presentado nin se falou de ningún tipo de preacordo** que, seica, tería establecido a administración con algunha organización sindical. Ese preacordo, ou é clandestino ou simplemente non existe.
3. Son varios os problemas por concretar e, entre eles, está a necesidade de que no texto final fiquen claramente establecida **a data en que se reanudarán as negociacións sobre o réxime definitivo** de CP.
Sen embargo, no momento actual, **o principal obstáculo** para chegarmos a un final feliz das negociacións sobre “o período transitorio” da CP é a pretensión do SERGAS de exisir a cada profesional un determinado nivel de cumprimento de obxectivos (o 75% ou o 70%), nos últimos 5 anos.
Os procedementos de avaliación de obxectivos que ven empregando o SERGAS para o pagamento do Complemento de Productividade Variable (CPV) son, por moitas razóns, amplísimamente cuestionados polos profesionais, que os consideran cheos de arbitrariedade e falta de transparencia. De ser aceptada, tal e como está formulada actualmente a posición do SERGAS sobre este tema, **poden quedar fora da CP, neste período transitorio, unha número posiblemente importante de facultativos que son excelentes profesionais**, que en ningún caso merecen semellante maltrato.
4. **O SERGAS ven afirmando que non hai ningún interese oculto de carácter economicista** na súa actual posición sobre o cumprimento de obxectivos. De ser isto certo, coidamos que será posible concretar algunha das fórmulas avanzadas na última xuntanza da Mesa Sectorial para resolver o problema, co que desaparecería **o principal obstáculo** que impide un remate feliz, en pouco tempo, das negociacións, e os profesionais do SERGAS contaremos cunha CP digna.